

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE FERRAMENTAS METODOLÓXICAS PARA O ESTUDO DO IMPACTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO A ESCALA LOCAL E AGREGADA

En Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Por unha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Antonio López Díaz que actúa en nome e representación da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (en adiante, USC) con CIF Q1518001A, e con domicilio en Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n. CP 15782, Santiago de Compostela en calidade de reitor en virtude do establecido nos seus estatutos e do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, (DOG núm. 56 do 22 de marzo de 2022)

Todos eles en virtude de poder suficiente para comparecer neste acto e vincularse, poder ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revogados.



Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e para os efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas.

É con este fin que se atribúe funcións de dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo.

En particular, a Axencia de Turismo de Galicia ten interese en dar resposta a una falta de información persistente relativa ao impacto do Camiño de Santiago en Galicia, tanto no eido económico como no demográfico, social e ambiental. Preténdese deste xeito fornecer de información aos axentes dos sector para facilitar as tomas de decisións baseadas en datos que permitan a mellor ordenación e dinamización de Galicia no tócate a este eixo vertebrador que é o Camiño.

A Axencia de Turismo de Galicia, a través da Área de Estudos e Investigación da Dirección de Competitividade, conta con técnicos expertos en investigación sobre o turismo.

SEGUNDO.- A USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico. A USC conta con expertos investigadores de contrastada solvencia que conxugan unha ampla traxectoria tanto na análise de impactos socioeconómicos como nas temáticas turísticas.



En particular, o grupo de investigación GAME_IDEGA ten desenvolvido nos últimos anos modelos de avaliación dos efectos agregados do turismo sobre a produción e a distribución da renda en Galicia utilizando diferentes metodoloxías de análise baseadas no desenvolvemento de modelos input-output deseñados especificamente para cada unha das cuestións analizadas.

O GAME-IDEGA é un grupo de investigación especializado na análise do impacto socioeconómico da actividade turística para o que diseña e desenvolve ferramentas metodolóxicas adaptadas as especificidades de cada proxecto turístico concreto que se pretenda avaliar. O GAME-IDEGA, desenvolve dende fai anos modelos de avaliación do impacto do turismo a diferentes escalas territoriais a partir do uso de modelos multisectoriais de equilibrio xeral que difiren no grado de complexidade. A produción de investigación inclúe múltiples artigos en revistas internacionais de primeira liña sobre turismo e metodoloxía de análise de impacto económico e social (Tourism Management Perspectives, Tourism Economics, Tourism Management, International Journal of Tourism Research, Tourism Analysis, Annals of Tourism Research Empirical Insights, Journal of Destination Marketing & Management, Revista Portuguesa de Estudos Rexionais, Revista de Economía Laboral, entre outras) recollidos no Anexo III.

Por outra banda, o Grupo de investigación VALFINAP é un Grupo de Referencia Competencia do Sistema Universitario de Galicia, GRC ED431C 2020/18 e atópase entre os 12 primeiros en produción científica na USC. Entre as liñas de investigación e transferencia do coñecemento relacionadas co Turismo e a Xestión Hoteleira, pódense destacar a distribución espacial de establecementos hoteleiros, modelos predictivos de comportamento dos visitantes, economía dixital, e análises de impacto económico, entre outros. O grupo ten unha prestixiosa traxectoria en transferencia do coñecemento, elaborando ou participado en importantes informes para Administracións, Empresas e outros axentes socioeconómicos. Liderou importantes proxectos europeos, como FAN-BEST (Funding Atlantic Network for Blue Economy Technology Transfer) - INTERREG, ou LACES (Laboratorios de Apoyo a la Creación de Empleo y Empresas de Economía Social) – INTERREG. Tamén proxectos de impacto social como o Proxecto integral para o impulso da economía - COOPERATIVISMO E



ECONOMÍA SOCIAL 2020 (REDE EUSUMO), o Laboratorio de Innovación e Economía Social de Galicia, entre outros.

TERCEIRO.- A colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a USC responde ao interese común de ambas as dúas partes de afondar no coñecemento do impacto do turismo a escala local, especialmente do relacionado co desenvolvemento do Camiño de Santiago en Galicia. Para acadar este obxectivo é necesario afondar no desenvolvemento de ferramentas de investigación e análise que permitan a avaliación dos resultados económicos, sociais, demográficos e ambientais da actividade turística dende unha perspectiva local. Adicionalmente a análise local require recadar información, o que supón un importante esforzo tanto no seu deseño como no coste económico que supón a súa recollida e preparación para a posterior utilización nos modelos de avaliación.

Ambas entidades consideran axeitado subscribir este convenio, para dar resposta ás necesidades descritas aproveitando as sinerxías que sen dúbida xurdirán da cooperación dos seus equipos humanos.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a USC para o desenvolvemento de ferramentas metodolóxicas para a analítica de datos e o estudo dos impactos do



Camiño de Santiago en Galicia e a elaboración dun informe final que materialice os traballos realizados.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para o desenvolvemento completo deste estudo ascende a 66.500,00€ desagregados segundo se indica no Anexo II. A achega que fai a Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións cubrirá os gastos vinculados coa investigación ata un máximo de sesenta e seis mil quiñentos euros (66.500,00€), facéndose cargo, no seu caso, a USC do resto do orzamento se este finalmente fose superior, e sen que obteña beneficio ou lucro industrial algún.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2023.

Terceira. Compromisos das partes

1. A USC realizará todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Axencia de Turismo de Galicia para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
- A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia de Turismo de Galicia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

Gardar as medidas de seguridade que se derivan da Lei 9/1988, de 19 de xullo, de Estatística de Galicia, do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

- Compartir os microdatos resultantes das enquisas elaboradas e outras fontes de información inxectadas no proceso investigador descrito no presente convenio

2. Pola súa parte, a Axencia de Turismo de Galicia comprométese a:



- Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- Proporcionar á entidade os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información responsabilizándose a Axencia dos datos e documentación que facilite para a execución do convenio.
- Colaborar coa USC nas tarefas de investigación e divulgación dos resultados obxecto deste convenio.

Cuarta.- Resultados conxuntos

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da Xunta de Galicia e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.



Sexta.- Xustificación e pagamento

O pagamento por parte da Axencia de Turismo de Galicia efectuarase unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificada a totalidade do convenio por parte da entidade, que debe facerse coa entrega, antes do remate do prazo de xustificación, da seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen, de conformidade co seguinte:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento das actuacións obxecto do convenio, xunto co informe final establecido na cláusula primeira e os microdatos indicados na cláusula terceira.
- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:

1º Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.

2º Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.

3º Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido pola USC da asignación das persoas ao proxecto. Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, a USC deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a imputación de persoal propio ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas, e así mesmo, na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada, e acompañada dos correspondentes partes de traballo. A estes efectos achegará un certificado da persoa responsable da Xerencia da universidade ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas



das partes cofinanciadoras foron destinadas ao pagamento dos custos por hora do persoal investigador propio e, de ser o caso, os custos do persoal externo contratado, que irá acompañado dunha relación valorada das horas dedicadas ao proxecto polo equipo ou equipos de traballo da universidade e, tamén, dos colaboradores externos.

4º Seguridade Social do período que se alega: Documentos/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.

5º Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.

6º Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

7º Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Axencia de Turismo de Galicia realice estas consultas polos seus propios medios.

8º No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

9º Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

10º Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade, non podendo superar o 100% do seu custo total.

Non obstante, as facturas sinaladas nos puntos anteriores poderán ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.



Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación na que conste a colaboración da Xunta de Galicia.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o 10 de decembro de 2023.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto neste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

A efectos internos, a USC poderá ter dúas partidas orzamentarias, correspondendo unha a cada grupo de investigación, entre os cales dividírase a achega económica. Con todo, a xustificación da USC será única, conforme ao estipulado neste Convenio.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola USC, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

Os membros que compoñen a comisión de seguimento son:

- Ana Lestido Reboiras, xefa de Competitividade (presidente da comisión), ou persoa en quen delegue



- Jaime Leirós Alonso de Velasco, xefe da Área de Estudos e Investigación, ou persoa en quen delegue

- Antonio Javier Ferreira Fernández, Xerente ou persoa en quen delegue.

- Melchor Fernández Fernández, profesor titular da USC, ou persoa en quen delegue

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen



ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo Cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

A directora de Turismo de Galicia

O reitor da USC

Por delegación do Sr. Reitor

(R.R. 21/04/2022, D.O.G. 26/04/2022)

M^a Nava Castro Domínguez

Antonio Javier Ferreira Fernández



ANEXO I. PLAN DE TRABAJO E OBXECTIVOS CONCRETOS

Actividade A.- Deseño e implementación de ferramentas alternativas de estimación do impacto económico e social dos Camiños de Santiago a escala local e agregada.

A.1.- Modelos input-output de demanda (cálculo de multiplicadores de consumo agregados en función da tipoloxía visitante).

A.2.- Modelos de impacto directo a escala local (desagregación territorial do impacto agregado).

Actividade B.- Estimación do fluxo de peregrinos e a súa caracterización (perfil de gasto) por Camiño.

B.1.- Contraste de diferentes fontes de información (Compostelas, Ocupación Albergues, e Posición dos teléfonos móbiles) para a determinación dos fluxos de peregrinos por Camiño.

B.2.- Realización dunha enquisa a peregrinos

Actividade C.- Estimación da capacidade de carga dos diferentes Camiños (análise da evolución e características da oferta aloxativa e a súa relación co perfil do peregrino).

C.1.- Completar e axustar a nova oferta aloxativa aos traballos realizados no 2017-2018.

C.2.- Analizar a estacionalidade do peregrino por camiños.

Actividade D.- Análise do perfil do peregrino e o seu nivel de satisfacción.

D.1.- Análise do seu perfil (gasto, motivación, comportamento, satisfacción).

D.2.- Análise comparativa dos perfís. Como esta evolucionando o perfil do peregrino e como afecta isto ao impacto económico e social?



Actividade E.- Depuración, analítica e visualización de datos de compostelas

E.1. Depuración con fins estatísticos da base de datos de compostelas, xerada pola USC por duplicación e crecemento incremental a partir da orixinal da Oficina do Peregrino.

E.2. Integración e validación de datos complementarios relativos a grupos ou ao método de expedición por código QR.

E.3. Conexión dun web service con esta base de datos, permitindo a publicación de cadros de mando alimentados por ela.

E.4. Conxuntos de datos e do modelo de datos coas relacións necesarias para a elaboración dos Obxectos visuais

E.5. Parametrización das Métricas necesarias para a xeración dos informes e elaboración do Business Glossary.

E.6. Deseño e desenvolvemento dos informes cos obxectos visuais, cos seus correspondentes filtros e segmentadores para permitir aos usuarios unha navegación interactiva, parametrizada segundo os diferentes niveis de usuario

E.7. Implementación na web e conexión con outras bases de datos

Actividade F.- Coordinación e dirección

F.1. Reunións e seguimento.

F.2. Discusión e xestión de resultados (comunicación con todos os axentes relacionados co proxecto)



ANEXO II: CRONOGRAMA E ORZAMENTO ano 2023

	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SEIEMBRO	OUTUBRO	NOVOEMBRO	ORZAMENTO
ACTIVIDADE									
A1:IMPACTO AGREGADO			1.000	1.500			1.000		3.500
A2: IMPACTO LOCAL				2.500			2.500		5.000
ACTIVIDAD B									0
B1: ESTIMACION FLUJOS	2.000		2.000	3.500					7.500
B2: ENQUISA	3.000	3.750	3.000	2.250					12.000
ACTIVIDAD C									0
C1: EVOLUCION OFERTA ALOXATIVA							2.500	2.500	5.000
C2: ESTACIONALIDADE POR CAMIÑO							1.500		1.500
ACTIVIDAD D									0
D1: ANALISE PERFIL					2.500	2.500			5.000
D2: ESTACIONALIDADE PEREGRINOS					1.000	1.000			2.000
ACTIVIDAD E									
E1: DEPURACION DE DATOS		5.000							5.000



E2: INTEGRACION E VALIDACIÓN			2.000						2.000
E3: CONEXIÓN WEB SERVICE			2.000						2.000
E4: MODELOS VISUAIS				1.000					1.000
E5: PARAMETRIZACIONES METRICAS			1.000	1.000	1.000	2.000	1.000		6.000
E6: DISEÑO INFORMES						1.000	1.000	1.000	3.000
E7: IMPLEMENTACION WEB							1.000		1.000
ACTIVIDAD F									0
F1: REUNIONES DE SEGUIMIENTO									0
F2: DISCUSIÓN E XESTION DE RESULTADOS	500		500	1.000	1.000		1.000	1.000	5.000
								TOTAL	66.500

Actividade	Orzamento
A. DISEÑO E IMPLEMENTACIÓN DO MODELO DE IMPACTO	7.327,59€
B. ESTIMACIÓN FLUXOS E A SUA CARACTERIZACIÓN	16.810,34€
C. ESTIMACIÓN DA CAPACIDADE DE CARGA E ANÁLISE ESTACIONALIDADE	5.603,45€



D. ANÁLISE DO PERFIL DO PEREGRINO	6.034,48€
E. DEPURACIÓN, ANALÍTICA E VISUALIZACIÓN DE COMPOSTELAS	17.241,38€
F. COORDINACIÓN E DIRECCIÓN (tarefa 10)	4.310,34€
G. CUSTOS INDIRECTOS	9.172,41€
TOTAL:	66.500 €



ANEXO III

EQUIPO: GAME-IDEGA, USC:

ÚLTIMOS PROXECTOS RELACIONADOS

- Convenio entre o Concello de Santiago e a USC para a elaboración da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e do Programa Compostela Móvese
 - Financiador: Concello de Santiago de Compostela. 2022
- Colaboración na elaboración do PST Camiño Francés en Galicia
 - Financiador: Fundación Juana de Vega. 2021
- Asistencia técnica para a Xestión do comité socioeconómico de crise Compostela Móvese 2020 COVID-19
 - Financiador: Concello de Santiago de Compostela. 2020
- Desenvolvemento de métodos de avaliación e seguimento do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago a escala local: Aplicación o Camiño Portugués
 - Financiadores: Axencia de Turismo de Galicia, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT). 2020
- Elaboración dun estudo sobre avaliación e Análise do potencial do Camiño de Santiago – Vía da Prata, para o desenvolvemento sostible a escala local
 - Financiador: Consello Económico e Social de Galicia e a Deputación de Ourense. Referencia: 2019
- Desenvolvemento dunha metodoloxía para o estudo do impacto do Camiño de Santiago a escala local



- Financiador: Axencia de Turismo de Galicia: 2018
- Elaboración del Plan Estratégico del Clúster Turismo Rural de Asturias
- Financiador: Asociación Regional de Casas de Aldea (ARCA) 2018
- Turismo e emprego en Galicia
- Financiador: Instituto de Estudios Turísticos de Galicia, 2017

ÚLTIMAS PUBLICACIONES RELACIONADAS (2019-2022)

- Measuring Tourism Markets Vulnerability across Destinations Using Composite Indexes
 - Journal of Destination Marketing & Management, (2022, forthcoming)
- Territorial Tourism Resilience in the COVID-19 Summer
 - Annals of Tourism Research Empirical Insights, 3 (2022)
- Spotting Error Patterns in Input-Output Projections Using Location Quotients
 - Mathematics (2022)
- Covid-19 and tourism vulnerability
 - Tourism Management Perspectives 38(2) (2021)
- Performance of bidimensional location quotients for constructing input-output tables
 - Journal of Economic Structures 10 (1), 1-16 2
- El impacto del camino de Santiago a escala local: La percepción de los residentes de dos municipios gallegos



- Cuadernos de turismo, Núm. 47, pp. 37-63 (2021). Artigo recoñecido co VIII premio Valenín Paz Andrade de investigación de Economía de Galicia.
- Tourism impacts in an emerging destiny through the local entrepreneurship perception: the Fisterras case
- Journal of Tourism and Heritage Research: JTHR, Vol. 3, Núm. 2, pp. 269-285 (2020).
- A bidimensional reformulation of location quotients for generating input-output tables
- Spatial Economic Analysis, Vol. 15, Núm. 4, pp. 476-493 (2020).
- Estimation of the equivalent tourist population through indirect methods
- Journal of Tourism Analysis, Vol. 27, Núm. 1, pp. 81-95 (2019).

EQUIPO VALFINAP-USC

ÚLTIMOS PROXECTOS RELACIONADOS

- Análitica de datos y modelos predictivos en el camino de Santiago.
- ☒ Proyecto de I+D+I en evaluación por la secretaria de estado de turismo. Convocatoria ayudas a proyectos de I+D para dar respuesta a los retos de los destinos turísticos.
- Sistema de Recomendación de Smart City Coruña.
- ☒ Entidad Financiadora: EMALCSA. (2015-16)

ÚLTIMAS PUBLICACIONES RELACIONADAS (2019-2022)

- Culture and the decision-making process: a case study in tourism



- ☒ Journal of Travel Research (2022) En evaluación
- Cultural aggregation and differences on judgement and decision making (Artículo en progreso)
- The heterogeneous regional effect of mobility on Coronavirus spread
The European Physical Journal Special Topics, 1-12
- Travelling and discovering new destinations after destinations after the COVID-19 lockdown: The role of routines and habits
- ☒ Enlightening Tourism. A Pathmaking Journal, 12(1), pp. 70-93. (2022)
- Corporate social responsibility image and emotions for the competitiveness of tourism destinations.
- ☒ Journal of Place Management and Development, 14(2), 134-147 (2021)
- Determinants of tourist expenditure: the role of tourists' experiences in the city of Porto.
Journal of Tourism Policy, 11(1), 73-87. (2021)
- Emotional Intelligence Profile of Tourists and Its Impact on Tourism.
Journal of Quality Assurance in Hospitality & Tourism. (2021)
- Contagion Effect on Business Failure: A Spatial Analysis of the Hotel Sector
Journal of Hospitality and Tourism Research (2021)
- Connection between hotel location and profitability drivers: an analysis of location-specific effect.
Current Issues in Tourism, Vol. 23, Núm. 4, pp. 452-469 (2020)



- Hotel profitability: a multilayer neural network approach

Journal of Hospitality and Tourism

